




SERRA DO FARO DE AVIÓN

Adela Leiro, Mon Daporta
xuño 2022



Distancia: 16 km (lineal)
Dificultade: baixa



Unha camiñada para percorrer o lombo da serra do Faro de Avión, un traxecto longo, de ida e volta, case recto, a non ser un par de desvíos, cunhas cantas subidas e baixadas, por pistas de bo firme, que son as de servizo dos parques eólicos, que transitan por, ou moi preto, da liña de cumes por niveis de arredor dos 1.000 m de altitude desde os que temos amplas panorámicas de toda a contorna. Un traxecto para percorrer un día claro e no que a temperatura non sexa un incomodo porque non imos a atopar case ningunha sombra.

PERCORRIDO

Comezamos na Caniza e na saída cara a Covelo collemos un desvío á dereita cun sinal indicador do campo de fútbol. Un km arriba remata o asfalto, xusto ao pé da entrada do parque do **balneario de Augas Férreas**, un espazo acondicionado para un curto paseo ou para un descanso á sombra das moitas árbores do recinto. De aí en diante a pista, de terra, vai gañando altura con rapidez até chegarmos á proximidade dos primeiros aeroxeradores (estes primeiros cinco km, ao igual que todo o percorrido, podemos facelos no coche porque a pista está ben coidada aínda que, como en todas as subidas e baixadas das pistas de monte, incomodan as canles que teñen de través para evitar que a estraguen as avenidas, mais así aforramos un tempo e unha longa subida). Desde aquí podemos seguir de fronte, para pasar polo curro e saír ao pé do monte Pedroso, ou desviarnos á dereita para subir ao **planalto das Chans** e ir pola liña de cumes, ou, como o camiño é de ida e volta, ir por un e volver polo outro. O camiño dos cumes permítenos gozar das panorámicas de unha e outra vertente -ourensá ao leste e pontevedresa ao oeste-, pasar pola **Laxa da Moura**, desviarnos ao cume do **Posto**, onde se atopan restos dun abrigo, rochas con formas curiosas e desde onde temos unha panorámica do curro, antes de baixar ao pé do Pedroso, o pico máis sobresaínte desta parte da serra con 1.055 m de altitude, camiñamos logo case un km a nivel pola aba do Pedroso para, despois dunha curta subida, chegarmos á subestación do parque eólico onde temos, á esquerda, o desvío para subir ao cume do **Pedroso** (1,5 km ida e volta). Pasada a subestación temos por diante unha ringleira de cumes que comeza coa subida ao **Coto da Montería** e segue polo **Alto das Burateiras**, o **Coto Agudo** e o **Coto da Cruz** onde comezamos a perder altura para, seguindo a pista que baixa á dereita, pasar polo **Paso da Cruz dos Pontóns** ao outro aliñamento da serra onde comezamos subindo ao **Coto do Xuez** -ao pé do que nace o río Cerves coñecido polas pozas e fervenzas que forma no concello de Melón-, con chaira na que pace o gando onde podemos ver o abrigo de pastores construído aproveitando unha laxe apoiada nunha rocha de maior tamaño, logo cruzamos o **Chan do Castelo** para chegarmos ao pé do **Castelo do Faro**. Subimos ao cume para gozar do espazo, e das panorámicas que se abranguen desde o miradoiro, que tamén está acondicionado para a observación do ceo nocturno, e volvemos á pista para irmos logo, seguindo en sentido contrario os indicadores que guían ao miradoiro, ao **Coto da Pía**. Desde o cume, o máis alto da serra, na ampla panorámica cara ao leste, destaca o río Miño retido no encoro de Castrelo do Miño, del baixamos polo atallo á pista pola que seguimos perdendo altura. No punto onde a pista vira á esquerda coinciden, segundo os trazos do mapa e os carteis indicadores dos distintos TECOREs das asociacións de cazadores, as lindes dos concellos de Covelo, Avión, Carballeda de Avia e Melón. Seguimos baixando e ao pouco atopamos á beira do camiño unha pedra fincada que sinala o **nacemento do río Tea**, nunha pequena braña na que medran breixos de turbeira e xuncas de algodón, desde aí xa so nos quedan uns 800 m para chegar á na **capela da Xestosa** onde rematamos a travesía visitando a contorna da capela, abrindo e pechando as cancelas de acceso ao entrar, e facendo o mesmo ao saír, para gozar da sombra das moitas árbores do recinto, botar un grolo da fonte, ver a edificación e detrás dela o sartego con auga que din que nunca seca e que ten efectos milagreiros para quen se lava con ela. Xa so queda o camiño de volta para completala.



Coto da Pía

SERRA DO FARO DE AVIÓN

Forma parte da Dorsal Galega, lindando ao norte coa serra do Suído e ao sur coa serra da Paradanta. É una serra de orientación NNE-SSO compartida entre Ourense e Pontevedra. Está formada por pedra de gran e xistos. Ten aspecto dun macizo fracturado afectado pola tectónica, con dous niveis ben diferenciados, un por enriba dos 1.000 m e outro, situado polo leste e sur, de arredor de 600 m. O cume máis alto é o Coto da Pía.



Panorámica co cume do Pedroso



O Pedroso



Cumes ao sur da serra



As Chans



O Coto da Pía, o punto máis alto da serra (1.163 m)



O Posto



Miradoiro e vista desde o Castelo do Faro



O sur da serra desde o Castelo do Faro



Pasteiros das Chairas do Coto do Xuez



Abrigo no coto do Xuez



O Coto do Xuez e o Faro desde o Coto da Cruz



Chan do Castelo



Nacemento do río Tea



Carballeiras na aba noroeste do Faro (O Covelo)



Piorno



Uvas de lagarto



Curro



Xunca de algodón



Capela da Xestosa